


## CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA (CLIA) DE REDONDELA

O pasado xoves 28 de maio de 2020 celebrouse unha videoxuntanza do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia (CLIA) de Redondela na que participou a nosa alumna **Laura Fernández Rodríguez** en representación

do IES de Chapela xunto coas demais vogais infantís dos diferentes centros do concello (CEIP Laredo, CEIP Alexandre Bóveda, CEIP de Reboreda, CEP Santa Mariña, CEIP de Quintela, CEIP Porto Cabeiro, Colexio Vigo, IES Mendiño e o IES Illa de San Simón) e na que se contou tamén coa participación da Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, a Concelleira de Ensino, Olga M<sup>a</sup> García Ballesteros e o Concelleiro de Cultura, Daniel Boulosa Martínez.



Durante a xuntanza se trataron diferentes temas, a maioría deles en relación coa pandemia do coronavirus que nos está a afectar a nivel global. Entre os temas abordados, comentáronse as medidas levadas a cabo desde o concello durante esta corentena e houbo un tempo para analizar o desenvolvemento do curso escolar na modalidade de

teleformación, onde se reivindicou a necesidade de proporcionar un mellor servizo de internet ás zonas máis rurais do concello. As praias, os parques e skateparks, e o turismo, foron outros temas a debate nesta xuntanza que destacou pola participación e polas propostas achegadas dende os centros educativos.



Con esta videoconferencia do CLIA, Redondela inicia o camiño da participación “real e efectiva” da infancia e a adolescencia na vida municipal, onde as súas voces poidan ser escoitadas co fin de achegar ideas e propostas novas de cara á mellora da calidade de vida da veciñanza de Redondela.

(Foto: Web do Concello de Redondela)

Ata a vindeira xuntanza!

